



Concello de Vigo
Expte. 3652/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 19/2022

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 14 DE DECEMBRO DE 2022

ORDE DO DÍA

UNICO.- Aprobación definitiva da Modificación orzamentaria nº 75-75A/2022. Crédito extraordinario e suplemento de crédito financiado con remanente líquido de Tesourería para gastos xerais. Liquidación orzamentaria 2021. Expte. 77/142 (Expte. Pleno 3604/1101).

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abél Ramón
Aguiar Castro Yolanda
Aneiros Pereira Jaime
Blanco Iglesias Eugenia Dolores
Caride Estévez María José (on line)
Estévez Rodríguez Pablo Luis
Fernández Pérez José Manuel
Gómez Díaz Gorka
Iglesias González Ana Laura
Lago Barreiro María del Carmen
López Font Carlos
Losada Alvarez Abel Fermín
Mejías Sacaluga Ana Maria
Pardo Espiñeira Francisco Javier
Rivas González Ángel
Rodríguez Calviño Patricia
Rodríguez Díaz Santos Héctor
Rodríguez Rodríguez Nuria
Silva Rego M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Bartolomé Tocino, Carlota
Egerique Mosquera Teresa (*retirouse antes da votación*)
López Román Patricia
Marnotes González José Alfonso

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Méndez Fuentes Oriana (*incorpórase as 9,12 minutos*)
Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

NON ASISTEN:

Espinosa Mangana Elena, concelleira do grupo municipal Socialista.



No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e sete minutos do día catorce de decembro do ano dous mil vinte e dous, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Bartolomé Tocino, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, López Roman, Losada Alvarez, Marnotes González, Mejías Sacaluga, Méndez Fuentes, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Pérez Igrexas, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

UNICO.(232). APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 75-75A/2022. CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS. LIQUIDACIÓN ORZAMENTARIA 2021. EXPTE. 77/142 (EXPTE. PLENO 3604/1101) .

ANTECEDENTES: Con data 2 de decembro do 2022, a Dirección Superior Contable e Orzamentaria co conforme do concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, emite a seguinte proposta,

“A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria-urxente celebrada o día 21 de outubro de 2022, aprobou a Modificación Orzamentaria, Crédito Extraordinario-Suplemento de Crédito nº 75, 75A/2022, correspondente ao expediente 77/142.

A Comisión de Orzamentos e Facenda en sesión do 3 de novembro de 2022, ditaminou favorablemente a proposta formulada.

O Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria celebrada o 9 de novembro 2022, aprobou inicialmente a modificación orzamentaria nº 75,75A/2022, tramitada no expediente.

En cumprimento do preceptuado nos artigos 169 e 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 13 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o devandito expediente estivo a disposición dos interesados no Punto de Acceso Xeral do Concello co enderezo electrónico de referencia da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org>, así como o expediente físico nas dependencias do servizo de Intervención - Contabilidade deste Concello durante o período de 15 días hábiles, contados a partires do seguinte á inserción do Edicto no Boletín Oficial da Provincia,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/01/2023 14:21	Páxina 2 de 7
3675-1101	CSV: A9A2B1-E885D2-D35FA2-LC384K-Y9EY82-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 215 do día 10 de novembro, comezando a súa exposición o día 11, e rematando o prazo da mesma o 1 de decembro de 2022.

No citado período, e consonte á dilixencia que se adxunta na que consta o prazo no que estivo en exposición pública o expediente incorporada ao expediente electrónico, presentáronse polos interesados que regula os artigos 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP, UNHA alegación que forma parte da documentación que conforma o expediente 77/142.

O artigo 170 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo (en diante, TRLRFL), e artigo 22 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos (en diante, RP), regula o réxime de reclamacións ao Proxecto de Orzamentos das entidades locais. No apartado primeiro dos artigos 171 do TRLRFL e 22 do RP, establece que contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establece a Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

No informe que figura no expediente, enuméranse as limitacións regulamentadas no TRLRFL tanto en relación cos suxeitos lexitimados como as causas obxecto de alegación.

Tendo en conta o informe no que se propón a INADMISIÓN da alegación (CATRO solicitudes) por non axustarse ao contido do previsto no artigo 170.2 do TRLRFL, nin dar cumprimento ao presuposto xurídico que regula o artigo 177 do TRLRFL para a tramitación deste tipo de modificación orzamentaria, propónse ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a adopción do seguinte ACORDO...”

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda na súa sesión extraordinaria do 9.12.21, rexeitou as alegacións e ditaminou favorablemente a proposta.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

Incidencia. No momento da votación atópase ausente a concelleira Sra. Egerique Mosquera.

VOTACIÓN DO VOTO PARTICULAR DO MEMBRO NON ADSCRITO: Cun voto a favor do concelleiro membro non adscrito, Sr. Perez Igrexas, cinco abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, e dezanove votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, rexeitando as emendas que mantén no seu voto particular.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/01/2023 14:21	Páxina 3 de 7
3675-1101	CSV: A9A2B1-E885D2-D35FA2-LC384K-Y9EY82-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

VOTACIÓN DA PROPOSTA: Con dezanove votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, tres abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa e mais do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e tres votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, señores e señoras Bartolomé Tocino, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.- INADMITIR a alegación (CATRO solicitudes) presentada por D. Anxo Iglesias Covelo, en representación da Asociación veciñal de Teis co número de rexistro do documento 220296937, por non responder aos supostos taxados no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL., nin dar cumprimento ao presuposto xurídico que regula o artigo 177 do TRLRFL para a tramitación deste tipo de modificación orzamentaria .

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente a modificación orzamentaria nº 75, 75A/2022, correspondente ao expediente 77/142, cuxa relación de empregos figura no anexo.

TERCEIRO.- Ao amparo do previsto no artigo 171 do TRLRFL, contra a aprobación definitiva da concesión do crédito extraordinario e do suplemento de crédito, poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establece o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, aínda que a interposición do recurso non suspenderá por se só a aplicación do crédito extraordinario.

CUARTO.- Todas as alegacións presentadas en prazo e das que se tivo coñecemento até as 24 horas do día 1 de decembro, foron avaliadas e resoltas, considerando que aquelas que non cumpran este requisito, entenderanse rexeitadas pola aplicación do artigo 20 do Real Decreto 500/1990.

QUINTO.- En cumprimento do preceptuado no art. 169 do TRLRHL, a modificación orzamentaria definitivamente aprobada, será inserida no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nos termos e formato que establece o devandito precepto.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/01/2023 14:21	Páxina 4 de 7
3675-1101	CSV: A9A2B1-E885D2-D35FA2-LC384K-Y9EY82-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Programa	Partida	Proxecto	Concepto	Crédito Extraordinario	Suplemento de Crédito
1330	2100001		Recrecido pasos peonís		40.000,00
1330	2279902		Contrato marcas e viais, sinalización		100.000,00
1532	2100000		Conservación camiño Lamballa , RD-I 3/2022		5.725,00
1532	2100005	20153204	Mellora firmes fase I, lote 1 , RD-I 3/2022		20.320,00
1532	2100005	20153204	Mellora firmes fase I, lote 2 , RD-I 3/2022		5.300,00
1532	6090058	20153258	Cubrición e protección Tranvía Castelao		45.000,00
1532	6090090	18153290	Modificado obras acceso a Vialia		1.000.000,00
1532	6090090	18153290	Baixada a Estación, Vialia , RD-I 3/2022		210.600,00
1532	6090090	18153290	Remodelación AP9, Vialia, RD-I 3/2022		2.005.000,00
1532	6090090	18153290	Espacios intersticiais , Vialia, RD-I 3/2022		158.700,00
1532	6190065	21153206	Beirarrúas Severino Cobas , RD-I 3/2022		46.800,00
1532	6190009	18153209	Humanización Estrada Provincial Garrida-Porto , RD-I 3/2022		281.200,00
1532	6190014	20153214	Abast.Sanet. Serafín Avendaño , RD-I 3/2022		38.580,00
1532	6190065	20153265	Vía Verde, fase 2 , RD-I 3/2022		430.000,00
1539	6190003	17153903	Porta do Sol, RD-I 3/2022		2.361.000,00
1532	6190033	22153233	Humanización Teuxgueiras, 1ª fase		1.975.000,00
1532	6190035	22153235	Humanización Calaxón Balado, remate		130.000,00
1539	6190060	20153260	Peatonalización Praza Elíptica, remate		365.000,00
1539	6190061	20153961	V.Vertical, Esc. Mecánica R. Talude, remate		320.000,00
1532	6190083	20153283	H.Purif.Saavedra, Fase 2 T.Foxos- E.Lor.remata		55.000,00
1532	6190086	20153286	H. R. Aragón, 6ª Fase, remata		100.000,00
1532	6190034	22153234	Praza de San Mauro		300.000,00
1532	6190037	22153237	Aparcadoiro en Matamá		700.000,00
1532	6190039	22153239	Humanización rua Val Miñor		1.800.000,00
1532	6190090	22153290	Reordenación Rot.Olímpicos e P.Iglesias	1.300.000,00	
1532	6190066	22153266	Beirarruas en Cesareo Vazquez	500.000,00	0,00
1710	6190060	20171060	Mellora Praza da Miñoa, remata		105.000,00
1710	6190063	22171063	Mellora acondicionamento Parq.Navia, 1ª anualidade	1.500.000,00	
1330	2210000		Subministro eléctrico semáforos, axustes mercado decembro		26.000,00
1650	2210000		Subministro eléctrico alumeadado Público, axustes mercado decembro		1.610.000,00
1710	2210000		Subministro eléctrico parques e xardíns, axustes mercado decembro		36.000,00
3230	2210000		Subministro eléctrico colexios, axustes mercado decembro		275.000,00
3420	2210000		Subministro eléctrico int.deportivas, axustes mercado decembro		340.000,00
9200	2210000		Subministro eléctrico edificios municipais, axustes mercado decembro		379.000,00
2310	6320010	21231010	Reestruturación At.Social, Praza Princesa		190.000,00
2310	6320011	21231011	Centro de formación, mell. Infraestruturas		180.000,00
3230	6220060	22323061	Cuberta de colexios, Frian		215.000,00
3230	6220005	20323006	Cubrición colexio Balaídos , RD-I 3/2022		42.800,00
3370	2130000		Instalacións e utillaxe		25.000,00
3370	2260900		Actividades culturais		18.000,00
3370	2260901		Formación e ocupación tempo libre		18.000,00
3370	2260902		Act. De prevención familiar e comunitaria	125.450,00	
3370	6190010	22337010	Eficiencia enerxética Casa Xuventude	10.000,00	
3370	6290000	22337000	Equipos sonido VIGOSÓNICO	25.780,00	
3370	6320000	22337001	Cambio do peche perimetral inmobile	26.335,77	
3410	2279907		Promoción actividades marca Vigo	500.000,00	
3420	6220005	22342007	Skate Park cubierto - Navia	200.000,00	
3420	6220006	18342006	Pabellón deportivo Quirós , RD-I 3/2022		81.000,00
3420	6320014	20342007	Renov. Céspedede c. fútbol da Guía , RD-I 3/2022		27.500,00
3420	6320014	20342008	Renov. Céspedede c. fútbol Fragoselo , RD-I 3/2022		18.100,00
3420	6320015	22342009	Investimento piscina Teis, pechada por incendio	1.000.000,00	
4312	6320000	21431200	Modernización MercadoTeis F.Propia, MRR		685.000,00
4312	6410010	22431210	Plan de actuacións dixitais, F.Propia,MRR		380.000,00
3420	4800013		Sentenza, fomento fútbol base Celta Vigo	295.000,00	
4320	4800013		Promoción actividades marca Vigo	500.000,00	
9120	2279903		Promoción actividades marca Vigo	1.200.000,00	
9207	6260004	22920704	Sistema de almacenamento de datos,MRR	350.000,00	
9240	4800004		Promoción actividades marca Vigo,	300.000,00	
9330	2120005		Demolición cafetería Mirador	300.000,00	
9330	2020000		Ocupación de instalacións ETEA	127.615,00	
9330	6000000	22933010	P-S1, Dominio P.uso xeral CZFV, ETEA**	3.169.451,25	
9330	6320001	18933001	Remata cubrición CC Becerreira		175.000,00
9330	6320005	21933001	Reordenación local 1 grada tribuna, RD-I 3/2022	3.050,00	
9330	6320010	14933010	Modificado G. Marcador Balaídos		1.015.000,00
9330	6320010	14933010	Grada de Marcador , RD-I 3/2022		2.125.000,00
9330	6320060	20933060	Mellora edificio P.Central Sta.Cristina, remata		25.000,00
9330	6320063	22933063	Cubrición Pista C.C Bembrive e mellora parque	600.000,00	
9330	6320062	20933062	Adquisición e modificación amb.Teis bibliot.		300.000,00
			Subtotal	12.032.682,02	20.784.625,00
			Total		32.817.307,02

ANEXO ARCHIVO AUDIOVISUAL

Asunto: Pleno Extraordinario 14 Decembro



Copia do documento - Concello de Vigo
3675-1101

Data impresión: 17/01/2023 14:21

Páxina 5 de 7

CSV: A9A2B1-E885D2-D35FA2-LC384K-Y9EY82-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Legislatura: Mandato 2019-2023
 Órgano : Pleno
 Fecha Inici: Miércoles, 14 de Diciembre de 2022 10:28:34
 Fecha Fin : Miércoles, 14 de Diciembre de 2022 11:08:53
 Duración : 00:40:19

- HTML

<https://concellodevigo.seneca.tv:443/watch?id=ZGE3NGU20GItNzUwZS00YmNiLTgzZTIitMDYwOTI2YjZmYzRm>

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 540 MiB

Url -
 SHA512 - f7e7e53b099dbfa50826765f057c33f5330314ff2c40888ac74a36c74fa825ba2d516e469c0d2fa741ce07433da9e629f90365160a0b8b122b01243ca3b7bd50

- Minutaxe

00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; Oradora invitada; Silva Rego, Carmen; López Font, Carlos; Losada Alvarez, Abel Fermín; Mejías Sacaluga, Ana María; Aneiros Pereira, Jaime; Aguiar Castro, Yolanda; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Blanco Iglesias, Eugenia Dolores; Lago Bareiro, M.^a del Carmen; Estévez Rodríguez, Pablo; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Fernández Pérez, Jose Manuel; Rodríguez Calviño, Patricia; Rivas González, Angel; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Rodríguez Díaz, Santos Héctor; Marnotes González, Jose Alfonso; Lopez Roman, Patricia; Bartolomé Tocino, Carlota; Pérez Correa, Rubén; Méndez Fuentes, Oriana; Pérez Iglesias, Xabier

00:00:18 - Caballero Álvarez, Abel

00:00:37 : - Aprobación definitiva da Modificación orzamentaria nº 75-75A/2022. Crédito extraordinario e suplemento de crédito financiado con remanente líquido de Tesorería para gastos xerais. Liquidación orzamentaria 2021. Expte. 77/142 (Expte. Pleno 3604/1101).

00:00:47 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:05:51 - Caballero Álvarez, Abel
 00:05:56 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:08:00 - Pérez Correa, Rubén
 00:13:05 - Caballero Álvarez, Abel
 00:13:10 - Marnotes González, Jose Alfonso
 00:18:04 - Caballero Álvarez, Abel
 00:18:07 - Aneiros Pereira, Jaime
 00:21:11 - Caballero Álvarez, Abel
 00:39:10 - Voto particular concelleiro non adscrito
 00:39:39 - Votación aprobación definitiva
 00:40:19 : [FIN]

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás dez horas, redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 17/01/2023 14:21	Páxina 6 de 7
3675-1101	CSV: A9A2B1-E885D2-D35FA2-LC384K-Y9EY82-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 19/2022, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2022.
am.

A PRESIDENCIA

Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO

José Riesgo Boluda



Copia do documento - Concello de Vigo
3675-1101

Data impresión: 17/01/2023 14:21 | Páxina 7 de 7
CSV: A9A2B1-E885D2-D35FA2-LC384K-Y9EY82-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>